

Ricardo Martínez-Conde

A PAISAXE, O CANTO



Zadar eds.

A paisaxe, o canto




© Ricardo MartínezConde
<https://ricardomartinez-conde.es>
© Zadar ediciones
© Imaxe de portada: F.R.F.M.
Primeira edición, 2025.

Impreso por Liberis.
Depósito Legal: M-6617-2025
ISBN: 978-84-128570-2-3

Ricardo Martínez-Conde

A paisaxe, o canto



Zadar eds.

A meus pais
A meu irmão

*Cando a cerdeira
florece, nada sei,
coma o poeta*

Matsuo Bashō

Estiven meditando con demorada lentitude
acerca do que sente o gorrión. É para min
unha cuestión dunha seria importancia porque a súa figura
pequena, que parece confundirse sempre
coa realidade cotiá coma se formase parte inseparable dela,
atrae a miña atención dunha maneira humana
(míroo, e para min é algo máis que mirar a súa figura
inquieta e animosa que repara en algo que se pousou,
ou naquel que o mira). É así como me fai compañía, dun
xeito máis emotivo mesmo como puidese facelo alguén
habitual a carón meu

Querería saber, discretamente, cal é o sentir
do seu pequeno corazón, que pensa da súa contorna,
como querería xogar ao seu modo solitario

e estiven meditando niso porque algo me azora;
véxoo tan semellante a min, tan próximo e estraño

O ceo, o espello

Sexa que o ceo, na súa alta ironía, alude unicamente á súa viaxe e non só me ignora, senón que non volve sequer a cabeza para mirar; pura casualidade?

Pois ben, sexa. O caso é que agora, por tal razón, habería de expoñer aquí, de novo, a miña soidade, e xa comezo a notar o inoportuno desta situación. Pura ironía tamén, puro axeitar do orgullo

Eu só quero, xa o dixen outras veces, mirar á beira como un home libre

Libre? Talvez

Como podería eu ignorar o xesto altivo do tempo cara a min? (dígame?, preguntome: é que nunca xoga? é que nunca se equivoca?)

Mirareino con sentido do humor
(e, en canto poida, devólvolle o espello)

A tarde non se defende. É
como poida ser un merlo, ou a roca
non de todo esquecida (nada da vida
real foi esquecido, iso é
a transcendencia)

Iso tén a tarde: ao sentila, é
(ela sabe do seu secreto peso espiritual)

Todo é, todo pasa, todo se oculta
(formas desa espera que somos)
e se o río corre é para lembrarme que eu,
que o teño presente en min mesmo
(porque el e eu pertencémonos,
significamos algo xuntos, con outros
fragmentos máis ou menos espirituais)
comparto o racional con el e, sobre todo, o inconsciente,
esa forma de representación de canto nos fai
pensar. Iso é: de canto nos fai pensar

Que rara tendencia sedutora, inalcanzable,
posúe a luz rosada antes do frío, o ocaso
no mar!

unha tarde de verán

Ela recende a rosa?

Así, co seu pensar no mirar;
a soas, dun modo leve, sentindo
coma se fose do aire, do lugar

Muda, co xesto pausado e un andar
preto do minucioso, pensa que ama,
e case se esquece do mirar

Ao fin sorrí. Sorrí para si dentro
deixando atrás a rosaleda

Unha tarde de verán

Un enigma
A condición do que camiña
é confiar en que a nube tamén espera,
e o murmurio supón a vida do voo

Que dicir? Para que?

Se agarda é porque vai máis aló,
sempre cara a si a pesar da distancia
da paisaxe

Todo isto: o camiñado, o pensado
non é senón unha pequena mostra de vida;
o movemento do pardal ou a silueta
de alguén cambiarían a realidade,
a soidade

A casa

Ninguén entrou (seica un pensamento
dun paseante distraído). Así é como
se atende e se lle outorga unidade a este interior
preocupado, sen vontade, desvaído

Non se percibe baleiro, talvez consolo

Unha preguiza amable arrola os xestos
e fainos propicios (percíbese aínda
algo da memoria, nunca se vai de todo)

Aquí viviron os nomes que me deron nome.
Para que se foron? Por que?

Aire é aire.
Como aire é agora o seu ser

O que o río xera é
un movemento perpetuo, eterno,
tan sinxelo como o sentimento,
tan efectivo como o tempo,
tan perecedoiro como a choiva,
tan branco como a espera,
tan cheo como o efecto redondo
que é a paisaxe xeradora:
as beiras vexetais, o silencio sonoro...

Así me acolle

En canto o sol nos dá as costas na súa viaxe
enigmática (e xa un tanto familiar), corre o rumor de que
cada cousa debería recuperar agora a súa verdadeira
identidade e, nesa orixinaria postura, ocupar o seu lugar
á espera da noite

Por que? (Sería unha pregunta, coma tantas,
dirixidas ao tempo...)
Porque ha de haber un equilibrio –unha íntima harmonía–
porque a noite téñ unha entidade tan grande como o
Destino, ou case, e sería unha grave vulneración poética
non tomar en consideración esta razón elemental de que
o verme ha de estar na súa gorida, e o bufo vixiante...

Suscitouse unha alternativa universal acerca dos deuses:
se son humanos haberannos de enganar no prezo das
materias primas. Se son entelequias semi-poéticas
levarannos de excursión a un lugar perigoso

O certo é que unha xanela, o seu cristal e o seu reflexo,
lonxe están de ser a visión eterna, explicativa; aínda máis,
se se abre a flor e se colorea haberá que comprobar
se é fiable, por sutil

A chuvia é nova, aí!, tan delicadamente feble. Na alta
distancia loce o esplendor da fermosura, a mesma que lle
outorgaría escuridade se se pousase

Non advirtes, meu deus, que estou só e espido,
sen elección?

O xardín está abandonado? Algo ingrávído, certo;
se un repara con acougo sente que o xardín está feito de
multitude de seres –vexetais ou non– e a ese conxunto
asístelle e valida un antigo sentido de unidade que é quen
poida outorgarlle sensación de soidade

(a soidade sempre foi un significado familiar á filosofía,
pero de seguro non é para menos, pois se un se serena, só
é todo. Só está só –só queda só– o concepto: xardín
A partir de aí, só quere dicir a soas a carón dos demais,
que é o que realmente existe e vive, por contraste, para
definir a soidade)

Hai un xardín. No xardín un home.
Agora xa está todo

Houbo como unha brisa previa –así son os segredos–,
un nacemento na parte dunha tarde a soas apracible ao
recordo. A herba e a roca estaban moi preto, formando
parte de min, que, nese momento, asistía a unha
cerimonia do vivir, asombrado polo agasallo...
e naceu a nube

(Alí abaixo, tan amplo coma o descoñecido, o mar)

No aire apareceu un fío branco que foi crescendo,
tomando dimensións, forma de nube. E aí quedou
suspendida un momento, antes de iniciar un camiño sen
rumbo, o mesmo que o do mirar

A noite concírneme. Sempre estivo ao meu lado, máis preto que calquera compañía (a súa forma de mirar, a súa linguaxe pausada lonxe da aparente indiferenza, a súa escoita sen agravio foi para min un bálsamo natural, un segredo con algo de sorriso). De madrugada, lonxe aínda os deuses e a cor do mar, asomeime e a súa fidelidade segue lozana, como a fe que o tempo téñ en si propio

Por ela é polo que sei que podería chegar a amar máis

O desexo de quietude e a manifestación do horizonte sen motivo aparente. Todo levado da man por un reflexo, polo inicio de algo que non se perdeu

Así se inicia o aire? Ou o canto?

Non chove aínda; cando o faga recollerase a gaivota, reflexiva, para poder entender tantas cousas humanas. O horizonte, ás veces, sente así, como a orixe de algo que nos alude

Creo que o que camiña escoita, ademais, o que ve:
o silencio da ave migratoria, a persuasión do río, a ironía
da nube...

Cando ía, feliz, sentado ao bordo da amura entre o mar e
o ceo, sobre a inqueda madeira do veleiro, souben que
era algo máis de min: tamén o que crían os meus
desexos

Alí estaba tan preto do meu secreto!; o que non poderei,
o que non saberei desvelar

a John Dowland

Ao subir o banzo –ao solicitar á miña vontade que me axude a subir o banzo, a salvar esa barreira, a iniciar o esforzo que necesito para render un obstáculo poñendo a miña intención niso– penso noutros aspectos menores da vida: dicir adeus, mirar o lume, considerar a conveniencia dun xesto, esperar...

Opto por sorrir mirando ao horizonte, mirando sen mirar: ao horizonte, a un desexo, á pura silueta da Nada...

‘Estamos sós’ dicía o meu amigo; ‘estamos esencialmente sós’

Tomar algo a cambio do soño equivale, acaso, a unha renuncia frívola, a facer do destino do día un patrimonio doutros. Pero, como fai un home para renunciar ao canto do merlo, á cor da amura nese barco do río, a escoitalo todo con perigosa ausencia, a solicitar ata o sorriso?

Convén non agardar en exceso
a que o suceso se cumpra, a cambio
será posible admirar a orde
máis sinxela na area

Na area, tan acomodada a el,
tan premonitoria

El, o escritor, co pensar e celo dá forma
a un personaxe novo que:
haberá de ser eterno,
un día sentirá nostalxia,
sorrirá ao movemento dos xuncos,
'oirá' as cores,
pensará no seu avó o campesiño,
chamará ao can polo seu nome,
mirará a soas (sobre todo á noite),
durmirá cun soño que lle vén do mar.
Crerá que ela é fermosa,
comerá o pan sen acordarse,
visitará a capela no alto do monte,
quererá cantar unha mañá: dar grazas
Vivirá para si, sorprendido

Subiu a marea e vai frío

E que tén o teu nome que non fose xa? Pero velaquí que el é salvación e condena, é alto e porta silencio, é tan rico que o mar o mira con receo, e é lixeiro como son de folla

O teu nome é quen che nomea e algo máis, polo menos para min, que xazo nas súas letras e dormito como un neno. Ai, o teu nome, o teu pasado coa súa néboa e adorno de muller. O teu nome coma unha canción. Só o teu nome. Só ti en cada instante de min

Efixies

Esquivar a palidez do lume?
Esquivar o vento, a mirada?
Esquivar o dominio dos outros, o cerco
da escultura, da súa omnívora presenza
coma se fosen imprescindibles, non efixies
durmidas ignorantes do seu destino

Hai efixies esquecidas que por non ter
non teñen sombra sequera

As letras

As letras. Si. Así. Unha a unha
como estrelas no baleiro que ti coñeces:
como o oculto no vento,
como follas ben debuxadas
Como a promesa de pensar:
na noite,
no vento,
na árbore...

Nese fogar sacro que me chama e acubilla
en ti, invisible

Aquí a beleza quedou quieta
coa noite. O home, o xogo, mesmo
o secreto, detivéronse a esperar, alcanzaron
unha rara quietude que é precursora
de cambios, de algo novo. Polo menos
iso aparentaba esquivar a cortesía da
noite. Mais non foi así: no seu transcorrer
a vixilia puxo de manifesto dunha maneira
sinxela que a beleza non existe; só cando
se nega é cando existe

Como unha orquídea. Como unha celebración
da beleza. Como unha dúbida que sinala
un infinito próximo, o da mesma dúbida

O pracenteiro asenta na dor, del obtén
a súa significación. Será, seica, que existe
algo aínda non nomeado, non posuído para que
poida ser entendido?

Chove. Chove tanto que parece que choiva
sexa todo, ata o máis insignificante e,
ao tempo, o que debe ser a resposta

Minorado fronte á paisaxe da natureza
o razoable é o silencio. Somos como
unha forma interminable de pureza, de silencio

Di o corvo que non tén por que render
contas á árbore (ao fin este non é senón un
facer mimético da natureza, un vasalo.
Non é o rei, con quen se aspira a dialogar)

Di o corvo para si que ha ser libre, sen
xugo nin débeda, e para iso as súas ás son
o seu signo, a súa vista o horizonte, a súa cor
o enigma da súa vida. Non é certo que haxa
de morrer. Mentres viva vivo está, e o outro será
unha circunstancia, o paradigma dun facer
outro mimético da natureza.
Pero libre, sempre libre

Dialogará co aire,
coa súa minorada soidade
(porque el existe aínda)

Alí, nese 'algún lugar' hai
tamén ansiedade (esperanza, talvez)
pero o seu ser distinto avala o desexo, concita
como posibilidade; mesmo como soño.
Cambiar supón en algo morrer un pouco
pero o nome novo haberá de servir de barco,
de refuxio, de servidume, si...

Só se necesita empeño e dúbida
(tamén una certa altivez?)
se non... como entregarse?

Migración

Deixade; de onde veñan. Que sexan
os que fosen. As súas palabras xa están
no aire e seica seguirán o seu camiño.
Pasarán sobre paisaxes amadas por alguén.
Convocarán máis dunha mirada máis aló
de si; precédelles un soño

Veñan como for, desde onde for;
é un destino o vivir e morrer no aire:
sobre as lendas, sobre as montañas aínda
descoñecidas, sobre o alento solitario

As palabras propias, como for,
buscan tamén o seu niño

O meu barco

O meu barco sería
branco,
de madeira elixida;
como dormente en bonanza,
altivo cabaleiro
na tormenta

Sería sincero como o sol,
suxestivo como a mansa choiva
(el sabería gardar esa bela linguaxe
da choiva)

Os días, agora, son distintos: son
como unha forma de vellez que dialoga
ao lonxe

Ao meu barco móvenlle
a paixón e a dúbida

Loce solitario,
chámase coma min

Van. Van ao sol, no aire.

A mañá téñ as mans limpas

Voan e, en cada movemento harmónico, as súas ás
brillan. É unha cerimonia e unha celebración

Outono dicides, a modo dunha ladaíña?

Niso estaba, nesa disposición anímica

estaba cando onte puiden observar con que coidado
arrumbaba a meniña unhas follas case amarelas

Niso confiaba, nesa especie de ladaíña simétrica sobre o
aire espido, co voo

A folla tamén esperou. Toda unha noite,
fría de soidade, esperando o cando da viaxe
(tamén o porqué da viaxe) E ao amencer,
xa coas emocións exhaustas, deixou voar
o seu corpo ata a terra

Xa non facía frío, só nevaba
(e o contraste natural da cor entre a folla
e a neve foi un leve eco.
Agarda, semella unha oración)

Mira
e confirma a túa implicación, o teu
ser co mirado. A natureza, así, agrandaría
o seu valor. Fisicamente pola
eficacia que adquire a forma do mirado
(co seu grao interior, co seu silencio),
e en espírito por canto un pensamento
viaxou creando con iso a paisaxe:
o que vincula ao home co seu espello

Aludimos ao silencio interrompendo
o silencio; velaí a nosa débeda

A Natureza,
–Aidós, a bela Ninfa, vergoña e pudor–
é o reflexo dun silencio divino;
mostra respecto polo sacro e o secreto

(Admirarse e aquietarse: así me garda
no seu vivo escenario de orgullo)

Ela, soa.
Eu, a soas

O tempo é a beira; vou a seu carón.
Será a proximidade do mar quen estraña
e favorece? Pero, non é o mar senón o símil
dunha dúbida abandonada?

Cada fogar é a paisaxe animada
pola man do home, un desexo
pola súa promesa de compañía

Equivale ao valor da tristeza
en que un acomoda e sobrevive?

Así vou arrolando a miña exclusión,
co lento mirar que en cada
cousa me chama e que parece nomearme;
un algo incerto e con todo próximo,
un algo musical
ao modo de esquecemento

II

Novos portos

Vinde. Sexamos unha forma,
unha figura como a nube no ceo,
como o anhelos xa anunciado que
o soño nos ditou. Vinde abrir
a luz neste lugar sombrío onde
teñen presa á palabra (e con ela
a flor, a lavandeira, o remo)

Cómpre redimir, redimírnos.
Ergamos, mesmo, novos portos,
aínda que a ilusionada viaxe
sexa cara á Nada

Así se moven. Así bailan

Así ondean –servindo no miúdo
ás ondas que avivan a natureza
do ceo– as follas novas
que, coa pequena árbore, puxeron
baixo a miña xanela as prosaicas mans
(cheas de vida) dos obreiros

O neno di, e pensa
Di o cotián: o home, a pedra,
e pensa que significan, e quen
será el cando estea só, cando viaxe,
cando se acorde doutro

Houbo flores novas esta mañá

Ignoro cada día, pero o home ha de saber
que espera; e o neno que ha de esperar
E a pedra? (Ai!, a pedra: é como
auga que mana do tempo. É tempo.
(O noso soño, a nosa alerta. O noso...)

A ave no aire reclama atención
do que escoita, do que, dalgún xeito,
espera algo de si (tal é a nosa branca
soidade, a nosa exigua certeza)

Un mastro no mar é xa a viaxe

Nada cambia. Todo ha cambiar

Adrede. Adrede.

O mesmo día invocado, ao fin, existe
dun modo equívoco, pois el tamén
espera. Esperará

Un peixe a soas
é un argumento natural
dunha beleza sinxela.
O seu ollo é único,
a súa muda aleta dorsal é única
e o seu camiño libre,
indefinido,
(e unha incerta claridade)

A natureza hónrao con tal elegancia
que, penso, me gustaría ser noite
para acollelo nese estar a soas:
así podería dicir que, en algo polo menos,
sería

Máis que a auga. Máis que o recordo da auga
(o mar e o brillo, a choiva e a onda) é o ser da auga:
como a penso, como a vexo camiñar, viva sempre,
inesquecible, decidida

Como concibo a súa compañía a carón meu:
o río, e a fonte, e o son que me di polo rumor nas follas
que a auga está preto...

A súa 'persoa' lévame ao seu lado

Óese o mar (alguén durmiría só,
isto é, a unha intemperie sen nada, sen ninguén?)

Hai un fortalecemento, unha probabilidade
no sustento humano que téñ a capacidade
de convocar, como unha forma feita de soño
humano chamada divindade

Nada escapa ao xuízo, ao seu xuízo, e con todo
cada son apraza e alerta sobre o próximo xuízo,
sobre unha forma de xuízo

As teas, as cores tendidas ao sol favorecen
unha certeza tan elocuente como incerta

*A Anxo Tarrío, que me ensinou
os valores da palabra e da amizade*

Cada paixón é unha cesión, e o home
camiña a saltos vulnerando a súa seguridade
nunha busca tan intanxible como vasta

A palabra elabora por si un camiño de vida
que ha acudir sempre á dúbida, á verdade
ou ao paradoxo para sobrevivir. O tempo, o
lume, o útil que nos serve no material
e o desexo que alenta (e alimenta) o irreal
conviven na mesma casa, nós, sen se coñecer

É un dilema permanente de auga: é e afástase

A folla da cerdeira téguese coa cor da lúa

O que mira entende o seu mirar
e procura o mirado. O seu mirar é o símbolo
da súa liberdade, o mirado é a liberdade sedutora
que nunca se alcanza. Delimítaselle,
deséxaselle, pero en esencia é o intermedio
baleiro que queda –o posuidor, o que xera o secreto– o
dono do significado, da verdade

Estamos libres fronte ao mar.
O tempo aquí –o seu ser non explícito– é o verdadeiro,
somos nós

A nube pasa co seu don alegre, por miúda

Os tempos foron propicios ao sol, á brisa e o sorriso, e
agora vagan esquecidos, afastados, a saber onde

O tempo é así para o que garda cordura: fráxil e duro,
quieto e móbil ao ánimo, ao desexo do home que fai o
camiño por achar un lugar, o lugar que cre lle foi
designado para o acougo (ou unha forma de acougo, a
saber cal)

Veña a aurora xa, veña se lle place

Puidese ser que unha folla, unha soa folla
nova da árbore, fose significativa
para a vida?

Si, desde logo.

Van crescendo agora

–co tempo e o ceo e o hábito renovados–
baixo o meu balcón, e o feito de pensalas
(a unha, calquera delas)

move e transforma e vivifica a realidade.

Que é xa agora, que é con ela

O outro xa foi, pasou para o tempo;
e o ceo, e o río...

Un canto sinxelo, como de nacemento
ou dúbida. Ou discreción, de pudor?
Asumeime ao aire e pareceume oír lle

Era un gorrión?
(Que entrañable na memoria a súa figura,
mesmo o seu nome!)

Pronto nos veremos.
Iso espero

Non hai perturbación, ou nostalxia

O tempo vive coa franqueza dunha rama
que, sen sorpresa de si mesma, anuda a flor a si
–e o espírito do seu froito– e así agarda
a mutabilidade

Franqueza de ser e existir, a perenne beleza
dun soño que non téñ hora ou lugar, unicamente
a certeza espiritual de que un día choverá
e todo será realidade de novo

Como canto foi pensado antes de ser
(aínda que unido a un matiz propio)

Memoria na brisa do *entardecer*

...é un recordo, é un dicir conforme
pensámolo, e á vez é un longo desexo
que agora adquire seriedade na medida
en que a soa figura é a protagonista:
mira o mar (a cabeza un pouco inclinada
cara a dentro); pousa como un talo que puidese
ser arrolado polo vento (non sopra o vento, a
tarde arrólase insomne). O recordo faise
propio cando sente o recordo

Así é: un silencio humano coma o mar

E así, ao andar sen máis en busca
de algo (o propio?) tópase coa sorpresa
de estar vivo e sopesar, comparar
E niso escoitar e dicir, vivir; durmir
E, ao fin, morrer

Unha viaxe sen nomes, sen números; frío,
espido, de tempo... cara ao lonxe

A londra rumorea co seu corpo no río
en busca de novidade, de aventura. A gaivota,
de tan elegante silencio, expresa (para si) as sorpresas
do seu voo á vez que deixa ser á realidade

Pola rúa transitou distinta e numerosa xente
o día de hoxe: señoras con algún desvelo, políticos
co seu secreto, nenos con dubidosas intencións e algún
can cuxa intelixencia lle fai sospeitar do que
os seus amos chaman realidade

O home que se afana, a soas, sobre o seu escritorio
pensa na palabra nova que defina con sinxeleza e,
ao tempo, especula sobre un desexo que é soño: sería
capaz de contar as pequenas ondas da beira durante
un tempo reducido sen sucumbir á tenrura de verse,
ao pouco, arroiado por elas e o seu número exacto,
hai tempo perdido?

Chove, chove coma se me contase algo

Todo o que é favorece algún principio:
o da realidade no seu signo,
o do amor na súa paisaxe,
o do mal na súa oculta vontade,
o da beleza polo seu silencio...

Un día de néboa invernal, sobre o
mar suscítanse os significados xa sexan soñados,
pensados, aludidos, propensos ao medo ou á
derrota, vivos pola súa entraña de xogo
ou, sinxelamente, de liberdade

Liberdade é ser distinto a si, sen negar
a orixe, esa paisaxe que vivirá para se esvaer
un día (cando toda luz fose)

Á tardiña foi coma se o inicio
comezase, por que? Porque a luz
cambiou diante dos meus ollos (diante do
que os meus ollos pensaban) e o
mar coma o tempo agardaron (agardaron
en min, por min?) e, sen ser nada,
ela rozou o meu brazo e unha nube moveuse,
e pasaron, solemnes, dous paxaros escuros,
solitarios, e... houben de saber de min,
entón, grazas a ela, que a miña espera
xa será distinta; quereireina distinta,
como na espera, ‘case ao tocala’

Teño memoria?
De min? De que?
E eles:
a árbore baixiña
a frescura da auga
a medicina necesaria
o sorriso
o amargo tremor
a noite
teñen memoria de min?

Que patricia lentitude acomodada
a dese paxaro que vai camiño da beira

Dunha beira.
Alí volveremos vernos

Cando tiña aquela idade nova
admirábaos: por un certo temor
aniñado na necesidade deles?
Como unha forma de dor amena
que obrase a necesidade do seu sorriso?

Eles, os meus pais, arrolaban ao seu modo
a xerminación en min da brisa e do ocaso,
dos seus propios quefaceres nos que participaba
sendo eu un enigma, o enigma

Cántolles agora –memoria de amor–,
con grato silencio sen destino

Por momentos a realidade parece feita por un mesmo: o que dubida, o que durmiu en cama allea, o que sorrí case sen nomes, o que estraña o cheiro da madre selva (porque aquela tarde soleada chovía igualmente e a flor branca parecía sorrir)

Cada día, case cada día, o real non necesita selo porque cada cal tén o seu prometedor camiño por percorrer para que todo sexa de novo ao noso paso, coma se a memoria fose a única realidade

O mar suxeríume fai un instante,
e eu quéroo tanto que llo creo

O que viaxa por sí

Se tomamos a forma dun veleiro como
unha imaxe amiga, o acougo é o primeiro que chega
ao corazón; e logo a aventura

Alá (alá e aquí) hai un mar que espera co
ánimo disposto, e o ánimo propio anímase de brancura
e movemento, e luz, e horizontes distintos en cada
viraxe

O caso é que todo o que viaxa é soidade, pero
velaí o secreto desa sorpresa que é o estar
feliz (talvez pola soidade)

...ao paxaro
que tén o aire para si; á conciencia
do home para si, en si

Á vez que lembran e coñecen a cima infinita
–unha onda para o ceo–, toman
a luz para o seu tempo novo:
o son de choiva na folla;
a necesaria convicción
é o seu destino...

O paxaro agarda o que axude ao seu voo
e contribúe ao crecemento; o home
a certeza da paisaxe onde o paxaro habita

Ambos levan dentro a proximidade do mar,
o segredo do mar

Irán máis aló, máis alto, sen deus...

Lentas praias:
a noite que garda,
a alba que espera,
o airiño, a certeza
de algo inesperado, preto

Lentas praias que paseo
na confianza dun día paciente
xa desde os iniciais rumores...
e cando o ocaso marida en amor
co que non é ocaso

Lentas praias ao mar,
como eu quixese ser

Torna o camiño. A natureza da súa orientación
é desigual (o vento, a vontade, o instinto guíanlle
ou asesoran?) e neles indúcenos a ese
secreto de vagar que somos

Abandonados á choiva, imos entreverando
os nosos pasos entre dirección e ilusión, entre
euforia e espera, entre auga e árbores ou matogueiras
ou áxiles e vistosos animais que, coma nós
sorpréndense. E segue...

Torna o camiño e ao tempo, ante a eterna dúbida,
tamén se preserva en si

Nos días máis extensos,
os de interior,
o voo da gaivota é algo máis alto,
a espuma se garda na onda
e o que mira pensa para vivir

O día que nace sen ninguén na praia,
–só a brisa nas follas,
núa a memoria–
parece que o tempo amainou o seu paso

E cando a tarde se esquece de si
se ve á noite levándoa da man

Ao fin, memoria será amor...

Inchada onda que naufraga
igual que o fado
Lenda celta



Gústame a artesanía elaborada
con palabras, e nese xogo confío
que o lector obteña emoción,
dúbida, silencio...

Este libro, *A paisaxe, o canto*, de Ricardo Martínez-Conde acabou de se imprimir un deses días estrañamente fronteirizos entre o inverno e a primavera de 2025.

Tanto a paisaxe como o canto entoaban daquela unha melodía compasada nunha unión indisoluble

Houbo como unha brisa previa –así son os segredos–,
un nacemento na parte dunha tarde a soas apracible ao recordo.
A herba e a roca estaban moi preto, formando parte de min,
que, nese momento, asistía a unha cerimonia do vivir,
asombrado polo agasallo...
e naceu a nube

(Alí abaixo, tan amplo coma o descoñecido, o mar)

No aire apareceu un fío branco que foi crescendo, tomando
dimensións, forma de nube. E aí quedou suspendida un momento,
antes de iniciar un camiño sen rumbo, o mesmo que o do mirar



Zadar eds.